

Estrea o 2 de novembro no Salón Teatro

Berrobambán pon sobre as táboas *Boas Noites*, de Paula Carballeira

O texto, gañador do I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, convocado polo IGAEM, cobra vida nunha espectacular montaxe cargada de humor e aventuras, con música en directo.

A protagonista, Xiana, leva unha vida tan estresada que non ten tempo para xogar. Por iso non quere durmir pola noite, un tempo precioso que ela prefire investir en descubrir cousas novas e vivir aventuras.

E coa compañía de Pedro Chosco, emprenderá unha viaxe emocionante a través dos sonhos dos nenos, e tamén dos seus medos e dos seres que os poboan: ese monstro que se agocha debaixo da cama, a Muller do Saco (que pasa? Se o Home do Saco está de baixa por dor de riles, alguén terá que seguir a traballar nos medos nocturnos)...

Outra montaxe para rirmos do medo

Con esta divertida proposta, *Boas Noites* achéganos ao mundo dos medos infantís, pero tamén de como vencelos. Xa en *Buh!*, Berrobambán atreveuse a pórllle narices vermellos ao medo para rirmos del, e na montaxe do CDG *A Cabana de Babaiagá* recorreu a un conto popular ruso para contar outra historia de como vencer o medo. Agora pecha a triloxía, cun novo texto de Paula Carballeira, dirixido por Jorge Padín, director e responsábel da formación de actores e actrices no Taller de Teatro TAT en Logroño. O elenco intégrano, ademais da propia Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Anabell Gago, Lorena Conde e Manolo Vázquez.

Do mesmo xeito que nas montaxes anteriores, o humor, a plasticidade na escenografía e na caracterización dos personaxes e a música en directo enchen a obra de cor: os músicos son desta volta Vazdim Yuxhnevich, Begoña Riobo e Pablo Pérez. Da música encargouse Manolo Vázquez. Pezas como “Cantiga de aprender a xogar” ou Cantiga de Ten Conta” acompañan a Xiana na súa andaina.

Oportunidades para ver *Boas Noites*

A obra será estreada o venres 2 de novembro no Salón Teatro de Santiago de Compostela, ás 20.00 da tarde. Os dous días seguintes poderemos vela ás 18.00 no Teatro Sala de Concertos do Centro Social Caixanova de Vigo.

Berrobambán participa tamén nunha nova proposta da Concellaría de Cultura e o Auditorio de Galicia: do mesmo xeito cós concertos didácticos, programan funcións teatrais para achegar aos escolares ás artes escénicas. O 10 e 11 de decembro estarán no Teatro Principal con funcións escolares, e o 11 tamén cunha función familiar en horario de tarde.

Tamén teñen previstas actuacións no Teatro Jofre de Ferrol e no Gustavo Freire de Lugo para o 18 e 21 de decembro, respectivamente, ademais de pasaren por Ourense o día 27. E xa no mes de xaneiro, do 20 ao 22, achegarán *Boas Noites* ao Teatro Rosalía de Castro na Coruña.

Poden descargar máis información na web da compañía, <http://www.berrobamban.com>, na do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, <http://igaem.xunta.es>, ou o material didáctico na web do Auditorio de Galicia (<http://www.auditoriodegalicia.org>). Para contactos, poden chamar ao noso móbil: 695929262